

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA
FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE VIGO
ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA**

25 DE SETEMBRO DE 2015

1. Apróbase, por asentimento, a acta da reunión ordinaria do día 9 de setembro de 2015¹.
2. Apróbase, por asentimento, o cronograma das materias do primeiro cuatrimestre do curso académico 2015-2016².
3. Apróbanse, por asentimento, as solicitudes de proposta de Traballos Fin de Máster para o curso académico 2015-2016³.
4. Apróbase, por asentimento, a elección, mediante sorteio, do equipo docente que integrará o tribunal avaliador do TFM para o curso académico 2015-2016 e o nomeamento do tribunal avaliador:
Tribunal titular:
 1. Presidente: Prof. Dr. José Agustín González-Ares
 2. Vocal: Dña. Pilar López-Guerrero Vázquez
 3. Secretario: Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez

Suplentes:

Sector docentes con vinculación permanente á Universidade de Vigo con docencia no mestrado:

1º suplente: Prof. Dra. María Dolores Fernández Fustes

2º suplente: Prof. Dr. Pablo Raúl Bonorino Ramírez

Sector avogados/as con docencia no mestrado:

1º suplente: D. Pablo Guntiñas Fernández

5. Apróbase, por asentimento, a elección do Salón de Graos da Facultade de Dereito para o desenvolvimento do acto de presentación pública do TFM na primeira e na segunda oportunidade de avaliação do curso académico 2015-2016.
6. Apróbase, por asentimento, a modificación, se procede, da data de defensa do Traballo Fin de Máster no primeiro período nos días 27 e 28 de xaneiro de 2015.
7. Apróbase, por asentimento, o 18 de xaneiro como data límite para a entrega da solicitude de defensa do Traballo Fin de Máster no primeiro período.
8. Apróbase, por asentimento, a modificación da proposta do plan de prácticas do primeiro cuatrimestre do segundo curso⁴.
9. Apróbase, por asentimento, o cronograma orientativo da adicación ás prácticas externas e ao traballo Fin de Máster⁵.
10. Apróbase, por asentimento, a asignación dos titulares do Plan de Acción Titorial:
1º curso: profesores académicos distribuídos por orde alfabética.
2º curso: titulares dos Traballos Fin de Máster.
11. Apróbase, por asentimento, o Anexo III do Regulamento de Prácticas externas.

Ourense, 25 de setembro de 2015.

A SECRETARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO

*Master universitario en Avogacía
EN AVOGACIA
Facultade de Dereito*

Universidade de Vigo

Ángela Coello Palido

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Académica do Máster universitario en Avogacía celebrada o día 25 de setembro de 2015 se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 28 de setembro de 2015.

Concepción Martínez Martínez
Concepción Martínez Martínez
Secretaria do Decanato da Facultade de Dereito

¹ A acta do día 9 de setembro de 2015 pódese consultar no despacho da Secretaría académica do Máster (núm. 41-4º andar).

² O referido documento pódese consultar no despacho da Secretaría académica do Máster (núm. 41-4º andar).

³ Os referidos documentos pódese consultar no despacho da Secretaría académica do Máster (núm. 41-4º andar).

⁴ O referido documento pódese consultar no despacho da Secretaría académica do Máster (núm. 41-4º andar).

⁵ O referido documento pódese consultar no despacho da Secretaría académica do Máster (núm. 41-4º andar).